

PROTOCOLO COVID A APLICAR EN RESIDENCIAS DE MAIORES

A evolución da covid-19 e as indicacións dos expertos sanitarios permiten flexibilizar as medidas de seguridade. Para continuar garantindo a saúde de usuarios de centros de maiores e persoas con discapacidade, as Consellerías de Sanidade e Política Social actualizan certas medidas que neste documento se resumen.

Pode ver o protocolo completo na seguinte [ligazón](#):

Principais medidas nos centros residenciais de maiores e persoas con discapacidade:

- O usuario non ten obriga de levar máscara. Si se mantén a obriga para traballadores, familiares ou provedores.
- Os novos ingresos someteranse a unha proba de detección no propio centro.
- A efectos de intervención e de aplicación de medidas, considerarase brote a tres ou máis casos confirmados vinculados epidemioloxicamente.
- Nas residencias nas que exista un gromo, intentarase evitar o illamento nas habitacións. De ser posible, zonificarase a residencia establecendo zonas comúns para persoas libres de infección e zonas comúns para persoas coa infección nas que poderán moverse libremente, sen necesidade de illamento estrito.

O **réxime de visitas** volve practicamente ao establecido antes da pandemia da covid-19, tendo en conta certas medidas para a seguridade dos residentes.

- Os visitantes terán que estar exentos de sintomatoloxía compatible coa infección respiratoria provocada polo Sars-Cov-2 para realizar a visita.
- Será necesario o pasaporte covid-19 en vigor e aplicaranse outras medidas de seguridade como a desinfección de mans ou o uso de máscara.
- Os centros poderán establecer un mecanismo de cita previa para unha correcta organización e evitar aglomeracións.

Con respecto ás **saídas dos residentes**:

- Non hai limitacións de saídas, sempre dentro del réxime e horario dos centros.
- Tampouco hai limitacións en relación ás saídas ao domicilio.